

Ministerio do Interior

Reunión da Mesa Delegada

16/04/2026

A documentación para esta Mesa Delegada chegou o día anterior pola tarde, con apenas marxe para que a representación social puidese analizar o volume de datos que se ía tratar. Aínda así, aquí resumimos o máis relevante.

Concursos na Dirección Xeral da Policía:

- **Concurso específico:** Xa se está traballando na súa preparación, ultimando a escolla de postos. A folla de ruta que manexa o Ministerio é que a convocatoria sairá na **primeira quincena de xuño** e a resolución definitiva espérase para finais de outubro.
- **Concurso xeral en curso:** O groso do traballo administrativo xa está feito. A Comisión de Valoración reunirase a finais de abril, co compromiso de que as puntuacións provisionais se publiquen entre o 28 de abril e o 3 de maio.
- **Vindeiro concurso xeral:** A intención manifestada é convocalo no mes de novembro.

Concursos na Garda Civil. Neste ámbito o ritmo é outro. Empezarán a traballar na súa planificación o mes que vén, co obxectivo de convocar tamén na **primeira quincena de xuño**. Polo de agora, non teñen definido se optarán por unha convocatoria conxunta (xeral e específico) ou se se limitarán ao xeral.

OEP 2026. A oferta deste ano vén marcada por un intento do Ministerio de visibilizar a carencia crónica de efectivos. A petición enviada a Función Pública foi máis elevada que en exercicios anteriores. Unha parte moi substancial das prazas solicitadas pola DGP están pensadas para a atención á cidadanía (ao redor de 1300 efectivos), un servizo hoxe saturado.

Con todo, a realidade é que a última palabra tena a Dirección Xeral de Función Pública, que adoita recortar considerablemente estas previsións. Toca esperar a ver cantas destas prazas sobreviven ao filtro orzamentario.

Persoal Interino. Para evitar o rexeitamento sistemático, a DGP mantivo contactos previos con Función Pública para que a proposta fose, en certa medida, consensuada. A maior parte deste reforzo irá directamente a Estranxeiría, onde debido ao cambio de normativa e o proceso de regulación de persoas estranxeiras a necesidade é máis urxente. Este ano hai un intento de mover as pezas dun xeito diferente para dar algo máis de estabilidade ao persoal interino que sostén moitas unidades:

- **Funcionarios/as de vacante:** A prioridade nesta nova petición será que as prazas se cubran como vacantes estruturais. Isto significa que o persoal poderá traballar ata que a praza se cubra por oposición.
- **Persoal por programa:** dado que Función Pública non autoriza que todo o persoal interino que se contrate o sexa de vacante, tamén se solicita este tipo de interinidade que ten unha duración máxima de 3 anos.

A RPT na Garda Civil. A mensaxe foi de calma. Non se esperan cambios a curto prazo. A estratexia que manexan é a de ir incrementando paulatinamente o persoal, tanto de corpos xerais como de especialidades técnicas necesarias (médicas, arquitectas, etc.) para modernizar a estrutura.